

PROGRAMA XORNADA

“APRENDIZAXE COOPERATIVA: UNHA ESCOLA PARA TOD@S”

Xornada homologada pola Consellería de Educación (*ORDE do 14 de maio de 2013*)

Entidade organizadora: Federación Galega de Institucións para a síndrome de Down (DOWN GALICIA)

Data: Sábado 13 Setembro 2014.

Duración: 8 horas (de 10:00 a 14:00 e de 15:30 a 19:30)

Lugar de realización: Sede de Down Galicia (local Down Compostela). Rúa Alejandro Novo González, nº 1 – baixo. 15706 Santiago de Compostela.

Persoas destinatarias: A formación estará destinada, fundamentalmente, a todo o equipo de profesionais docentes, de orientación e directivo dos centros educativos de infantil, primaria e secundaria da Comunidade Autónoma de Galicia.

Nº prazos: 80 participantes (a cubrir por orde de chegada das inscricións)

Custo da matrícula: Sen custe para as persoas participantes.

Obxectivo xeral:

- Contribuír a unha mellora na sensibilización e formación das persoas participantes na utilización de metodoloxías de aprendizaxe cooperativa como unha medida de mellora no proceso de inclusión educativa do alumnado con maiores necesidades de apoio educativo.

Obxectivos específicos:

- Divulgar a metodoloxía da aprendizaxe cooperativa.
- Reflexionar sobre a metodoloxía da aprendizaxe cooperativa, dende unha perspectiva teórica e práctica.
- Compartir experiencias concretas baseadas en boas prácticas de aplicación da metodoloxía.
- Ofrecer criterios de reflexión para a análise do grao de inclusión do alumnado con máis necesidades de apoio nas súas aulas.
- Analizar a incidencia da estruturación cooperativa na aprendizaxe de todo o alumnado e na inclusión do alumnado con maiores barreiras de participación.
- Facilitar instrumentos e estratexias para estruturar os procesos de ensinanza- aprendizaxe de forma cooperativa.
- Analizar os avances e impacto referidas á aplicación da metodoloxía da aprendizaxe cooperativa a nivel de aula, centro e entorno comunitario.
- Compartir dificultades e barreiras na aplicación desta metodoloxía, así coma estratexias e recursos para superalas.
- Impulsar a transformación das aulas con unha tendencia inclusiva.

PROGRAMA DA XORNADA

10: 00. Inauguración. **Delmiro Prieto González**, presidente Down Galicia.

- Presentación da experiencia de Down Galicia en aprendizaxe cooperativa. **Elena Vaamonde**, Coordinadora e responsable da Área de Educación de Down Ourense.

10:30. Marco teórico: Inclusión educativa e aprendizaxe cooperativa. **Pere Pujolàs Maset**, doutor en Pedagogía pola Universidade de Girona e profesor titular do Departamento de Pedagogía da Universidade de Vic (Barcelona) e profesor emérito de dita Universidade.

- Por qué cooperar.
- A aprendizaxe cooperativa para alumnos con grandes necesidades de apoio educativo
- Presentación do programa CA/AC (Cooperar para Aprender/ Aprender a Cooperar).

12:30. Presentación proxecto de investigación “A Estrada inclusiva”. **Ángeles Parrilla Latas**, doutora en Pedagogía pola Universidade de Sevilla e Catedrática de Universidade da Área de Didáctica e Organización Escolar na Universidade de Vigo.

13:30. Debate, rogos e preguntas.

14:00. *Descanso.*

15:30. Mesa de experiencias: Implantación de metodoloxías inclusivas e aprendizaxe cooperativa nas diferentes etapas educativas, análise do impacto e barreiras da aprendizaxe cooperativo

- Presentación da experiencia CEP Antonio Magariños Pastoriza (Cambados). **Rosa Fiel Paz**, titora no 3º nivel de Primaria neste centro e licenciada en Filosofía e Ciencias da Educación na especialidade de Pedagogía Terapéutica. **Laura Patricia Bea Franco**, titora no 2º Ciclo de Primaria deste centro e Diplomada en Educación Especial e Licenciada en Psicopedagogía
- Presentación da experiencia CEIP A Gándara. **Natalia Teresa Pedre Fernández**, mestra na especialidade de Educación Física e directora do centro, e **Lucía Vellón Fernández**, mestra na especialidade de Audición e Linguaxe e mestra de Educación Primaria neste centro.
- Presentación da experiencia en Pontecaldelas: CEIP Manuel Cordo Boullosa e IES Pontecaldelas. **Margarita Fontán Sanmartín**, mestra no CEIP.

17:45. Grupos de traballo: Reflexión e análise.

18:45. Conclusións grupos de trabalo.

19:30. Clausura xornada.

O programa será susceptible de sufrir variacións.